

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2007

Estimado creador /a,

Estamos organizando unhas xornadas de portas abertas para artistas contemporáneas/os en Compostela, producidas pola Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela, a través do Auditorio de Galicia, en colaboración coa Fundación Granell, Centros Socioculturais, Turismo de Santiago e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte.

O **Roteiro de Creación Contemporánea** terá lugar nas fins de semana do 12, 13 e 19, 20 de maio de 2007. Nestes días as/os artistas que participen no proxecto amosarán a súa obra no seu lugar de creación de maneira que o público poderá coñecer o espazo de traballo da/o artista e achegarse ao proceso de creación no seu contexto físico, facendo realidade o intercambio entre creador/a e espectador/a.

Un mapa gratuíto da cidade de Santiago de Compostela será a guía aberta do Roteiro, incluíndo a localización dos estudos das/os artistas, co seu nome e técnica de traballo, identificando tamén as asociacións e os lugares de exposición dos distintos barrios e o programa de actividades.

Estará publicitado na prensa, e na páxina web de Turismo de Santiago, ademais da páxina web do Roteiro, www.compostelacultura.org, que contará con ligazóns activas dirixidas ás vosas respectivas páxinas web.

Esta é unha oportunidade de promoción fóra dos circuítos convencionais, de encontro e diálogo co público, retomando proxectos que se fan desde hai tempo no resto de Europa e máis recentemente no resto da península.

As persoas interesadas deberán dirixir o Boletín de participación que se acompaña a María Chenut e Reina d'Hoore, responsábeis e coordinadoras do

proxecto, e con quen poden consultar calquera dúbida, ATA O VENRES 13 DE ABRIL (incluído) ao seguinte enderezo postal:

Rúa dos Loureiros, 1 – 2º

15706 Santiago de Compostela

María Chenut 659 22 37 41

Reina d'Hoore Sánchez 686 38 55 81

roteirosantiago@gmail.com

As/os artistas con interese en participar asumirían o compromiso de ter abertos ao público os seus lugares de traballo en horario de 12 a 14 e de 16 a 20 horas os días 12 e 13 e 19 e 20 de maio.

Para a súa efectividade a realización deste proxecto quedaría supeditada a un número mínimo de participantes.

Esperamos que sexa do teu interese,

Atentamente,

Pablo Rodríguez Domínguez

Director – xerente